

## Resumo de datas, espazos e artistas

- **Xoves 27 de xuño | Praciña do Olvido | María Guadaña + The Pretty Shirts |**

**The Pretty Shirts** (A Guarda): cunha formación clásica de guitarra, baixo, batería e voz, The Pretty Shirts dan forma a unha proposta de garage rock elegante, que a golpe de riffs de calidade e guitarras retorcidas, que xunto con matices sutís, fan de cada canción unha mostra de paixón propia do soul, do blues e do rock and roll máis cru.

**María Guadaña** (Jaén): rock de arrabal, post punk melancólico, folklore urbano, cabaret milenarista.... ¿Qué máis da? María Guadaña consegue estremecer cos recursos da súa agridulce garganta, a poesía da súa pluma e unhas referencias musicais que a acercan a PJ Harvey ou Mark Lanegan.

- **Mércores 03 de xullo | Hotel NH Collection Santiago | Os Amigos dos Músicos + Gener |**

**Os Amigos dos Músicos** (Ourense): situada no primeiro plano da música popular contemporánea feita en Galicia, a banda presentará en Santiago o seu novo álbum, "Segundo Fogar", de novo unha obra colectiva, na que todos compoñen e cantan, con coidadas letras, e con reminiscencias musicais de ambos lados do Atlántico

**Gener** (Valencia): Gener constitúe unha das propostas máis interesantes do pop que neste intre se fai no estado. Con tres discos de altísimo nivel no mercado, veñen por primeira vez a Galicia a presentarnos o último, "Cante el cos elèctric", cun pop moi luminoso, por veces cercano tamén a elementos do soul blanco.

- **Mércores 10 de xullo | Terraza da Fundación SGAE | Monnone Alone + Martin Frawley |**

**Monnone Alone** (Australia): aínda que o nome pode suxerir o contrario, Monnone Alone é un grupo de indie pop liderado por Mark Monnone (ex- Lucksmiths) e que conta con reputados membros doutras bandas importantes de Australia (Last Leaves, Architecture in Helsinki).

Virán a presentarnos o seu segundo álbum titulado "Summer of the Mosquito", un disco audaz, enérxico e voluptuoso, onde predomina a canción pop, as belas melodías e os cristalinos arranxos de guitarra de 12 cordas.

**Martin Frawley** (Australia): abrindo a noite para Monnone Alone teremos a Martin Frawley, excantante e guitarrista dos maravillosos Twerps. O seu primeiro disco en solitario debaixo do brazo, "Undone at 31", constitúe unha boa colección de cancións que constitúen todo un tratado pop.

---

**COMPOSTELA CULTURA**

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@auditoriodegalicia.org  
compostelacultura.gal  
FB: CompostelaCultura | TW: CCultura

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA "C"

- **Mércores 17 de xullo | Hotel Costa Vella | Ghost Beast (Vigo)**

Electrónica e art-pop, nas súas versións máis solemnes e profundas; sintetizadores que gañan en protagonismo ás guitarras, ritmos programados que se mesturan con baterías de son contemporáneo...cancións amplas, minimalistas, evocadoras e envolventes que acadan toda a súa dimensión nun directo de son tan espectacular como coidado e onde estas pezas perden contención gañando en matices e complexidade.

- **Martes 30 de xullo | Parque de Galeras | Cool Sounds + Lachlan Denton |**

**Cool Sounds** (Australia): baixo a influencia dun amplo grupo de compositores e bandas, dende o *soft rock* dos anos 70 de Todd Rundgren ou Fleetwood Mac ata os indies modernos como Deerhunter e Ariel Pink, Cool Sounds crean música pop de guitarras, chea de arranxos e fermosas melodías.

**Lachlan Denton** (Australia): tamén un australiano abrirá a noite para Cool Sounds. Inspirado por compatriotas clásicos coma The Go-Betweens ou Paul Kelly, o enfoque directo e sinxelo de Denton na composición de cancións dálle ás súas melodías espazo para brillar á vez que ofrece unha visión xenuína da súa vida e pensamentos.

---

**COMPOSTELA CULTURA**

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@auditoriodegalicia.org  
compostelacultura.gal  
FB: CompostelaCultura | TW: CCultura

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA "C"